



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

Copia

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
20 ABR 2016
N.º ENTR: 15430
N.º SAIDA

En contestación á petición realizada na sesión plenaria de data 31 de marzo de 2016, relativa ao CERLAC, achégolle informe do Xerente do INORDE.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 18 de abril de 2016

O PRESIDENTE



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

José Manuel Baltar Blanco.

RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ, deputado provincial do Grupo **B.N.G.**
Grupo do BNG.- Deputación Provincial de Ourense.

INFORME

A Deputación colabora co Centro de Adestramento de Laias, Arnoia e Castrelo de Miño (CERLAC) na promoción do turismo deportivo na provincia de Ourense a través de:

1.- Stages en eventos relacionados co mundo do remo e piragüismo. Dende 2014, en colaboración coa Axencia Turismo de Galicia, vense promocionando as excelentes condicións técnicas e de calidade da auga do río Miño e as súas infraestruturas que convirten a zona nun lugar idóneo para o adestramento de alto nivel da modalidade de remo.

2.- Captación de selección, equipos e universidades para o seu adestramento en Ourense. Os resultados da promoción foron inmediatos pois seleccións como a de Holanda, Bielorrusia, Australia, o College Willian Borlase de Reino Unido realizaron periodos de adestramento en Ourense. Neste ano vanse a superar os mil deportistas.

3.- Poñendo a disposición dos equipos material para ximnasio e pantaláns que son propiedade do INORDE e que foron adquirido a través dun convenio coa Axencia Turismo de Galicia. Este material é imprescindible para o adestramento dos deportistas.

Os equipos instalanse nos balnearios que son os que facturan e os que atenden o día a día en réxime de pensión completa.

As embarcacións de apoio son propiedade dos balnearios.

Castrelo de Miño contaba con seis pistas, actualmente solo dispón de tres, as outras tres **desapareceron polas riadas e por falta de mantemento.**

Os colaboradores e técnicos do Centro de Remo dependen dos balnearios. A prestación dos servizos deste persoal vai incluído no paquete que oferta para adestrar.